

ARRHYTHMIA

- I -

O silencio foi só un preludio...

Arrhythmia presenta *Insaciables*, en colaboración con Rebeliom do Inframundo, un novo avance do seu próximo EP que verá a luz en 2026

O novo sinxelo da banda alternativa galega, en colaboración con Rebeliom do Inframundo, poderá escoitarse en todas as plataformas dixitais desde mañá venres, 7 de novembro, ás 00.00h: <https://orcd.co/insaciables>

Este xoves, 6 de novembro, Arrhythmia avanza *Insaciables* en exclusiva en YouTube contra ás 13.30 horas: <https://www.youtube.com/watch?v=dmYNg96sth4>

Insaciables mestura o metal alternativo con tinturas electrónicas de Arrhythmia co rap duro e combativo de Rebeliom do Inframundo, para falar do orgullo polo traballo feito, festexar quen son, o que foron e como seguir creando xuntos, abrindo, tamén, unha porta á crítica ao sistema



Arrhythmia regresa a todas as plataformas dixitais co seu novo tema *Insaciables* © Candela Lora

Galicia, 6 de novembro de 2025.- Durante un tempo, o escenario gardou silencio, pero a banda lucense non. Arrhythmia pasou o último ano pechada no estudo, construíndo un novo capítulo con calma, forza e claridade de ideas. Lonxe de desaparecer, decidiron parar o ruído exterior para escoitarse a si mesmos.

ARRHYTHMIA

- I -


O resultado: esta nova etapa que mantén a enerxía e o discurso que sempre os definiu, pero cun son máis afinado e unha identidade aínda máis sólida. A evolución verase reflectida nun novo EP, que sairá á luz en 2026.

Amnesia (Galunk Producións, 2025) foi o primeiro adianto deste novo traballo, publicado o pasado mes de abril, confirmando o que moitos intuían: Arrhythmia segue a ser unha das propostas máis singulares e queridas da escena alternativa galega.

Agora, Arrhythmia presenta o segundo sinxelo deste novo EP, baixo o título *Insaciables*, en colaboración co grupo de rap galego Rebeliom do Inframundo. *Insaciables* reflicte a unión e a amizade de ambas bandas que, desde hai anos, comparten a mesma loita dentro da escena musical galega. O *single* estará dispoñible en todas as plataformas dixitais desde este venres, 7 de novembro, en: <https://orcd.co/insaciables>. Antes, este xoves, 6 de novembro, Arrhythmia avanza *Insaciables* en exclusiva en YouTube contra ás 13.30 horas: <https://www.youtube.com/watch?v=dmYNg96sth4>.

Con este novo lanzamento, Arrhythmia amosa de novo que non volven, porque en realidade nunca marcharon; simplemente, estaban collendo aire para volver golpear con máis forza.

DESCUBRE *INSACIABLES*, O NOVO SINGLE DE ARRHYTHMIA



Alberto Busto, membro de Arrhythmia e de Rebeliom do Inframundo, define *Insaciables* como “unha mestura do rap duro e combativo de Rebeliom do Inframundo co metal alternativo con tinturas electrónicas de Arrhythmia, creando un show potente e cheo de enerxía... É unha canción que celebra quen fomos, o que somos e a forma de seguir creando xuntos”. E remata: “O sinxelo fala do orgullo polo traballo feito, do respecto polos que despexaron o camiño e das portas abertas ás novas xeracións, pero, tamén, cunha visión crítica cara á industria e o negocio musical”.

ARRHYTHMIA

- I -

ARRHYTHMIA, CANDO O RUÍDO É UNHA LINGUAXE QUE LLE DA SENTIDO AO CAOS

Desde Lugo, Arrhythmia leva anos convertendo o ruído en linguaxe. A súa música nace da fricción entre mundos: o metal e a electrónica, o rap e o rock, a forza e o detalle.

En galego e sen filtros, constrúen cancións que son descarga e reflexión ao mesmo tempo, espello dunha xeración que pensa e latexa a outro ritmo. Recoñecidos con dous Premios Martín Códax da Música -en 2018 á mellor banda de metal galego e, en 2023, como mellor banda heavy e metal-, foron quen de erguer un son propio, ás veces brutal, ás veces hipnótico, e sempre honesto.

O seu LP *I* (2022), financiado grazas ao apoio directo da súa comunidade, marcou un punto de inflexión: unha declaración de independencia estética e emocional. Antes publicaran o LP *II* (2016) e o EP *III* (2012).

Hoxe, Arrhythmia non busca agradar: busca conmover. E iso, no fondo, é o que sempre fixeron: poñerlle alma á distorsión e sentido ao caos.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira y Pilar González

Tel. 620 113 155 | 627 094 931

luisa@theofficeco.es | pilar@theofficeco.es

BOOKING ARRHYTHMIA

Galunk Produccións

lora@galunk.com | 722 85 59 90

carles@galunk.com | 722 85 61 06

KIT DE PRENSA ARRHYTHMIA

<https://cutt.ly/PRESS-KIT-Arrhythmia>

LIGAZÓN DE PRE-GARDA DO NOVO SINGLE 'INSACIABLES'

<https://orcd.co/insaciables>